

Encantos de almanaque

Nun autor que está especialmente interesado en estudar a cerna, a esencia da terra que o viu nacer no eidol emotivo, é normal que saían textos como o que hoxe nos ocupa: un almanaque de encantos e de soños dunha terra esgrevia, con bravío abondo para ser a gran damnificada pola realidade actual; destrutora e inxusta co xenuíno étnico montesío.

Dende a súa poesía, de grandísimo interese dentro do panorama actual da literatura galega, ata os seus ensaios, algún deles mastodóntico en sabedoría e voluminosidade, a terra de Cerdedo é tema central, devezo por denunciar e cantar un xeito de vida e unhas xentes, a pesar das labazadas que moitas veces encaixe por intentar levar estas sas intencións adiante.


“Ab origine” é xeito acertadísimo para comezar este libro. Explícanos Calros Solla os inicios dunha terra, dos seus asentamentos e dunhas etnias que serían, o inicio, a orixe das múltiples lendas e seres míticos que inzan a

Devezos acerca de xeitos de vida

 HÉITOR MERA

mitoloxía de Cerdedo por todas as súas parroquias.

Vese perfectamente un traballo intensísimo de campo onde os informantes dos que se nutre Solla eríxense como co-autores desta obra. Lugares, lendas, roteiros e mitos que pasaron á memoria colectiva son presentados en ricaz linguaxe e grande dominio das técnicas narrativas. Solla, ademais de poeta consagrado, descóbrese nesta obra como gran contador, narrador competente que non se limita ao galego de corrector ortográfico. É narración etnográfica, dialéc-



tal e de gran valía e aprendizaxe para moitos cercenados polo purismo académico cohibidor e limitado.

Os seres míticos están acompañados, ademais de polo texto de Calros Solla, por unhas ilustracións de luxo. João Bieites, Mónica García e Francisco Sutil, este último notario pictórico da paisaxe de Terra de Montes, axudan a darlle ao traballo un grao máis de intensidade. Completan moi acertadamente un traballo de moitas horas e moito esforzo. Moito talento nestes ilustradores. O prólogo é da profesora Ana Acuña, que nos facilita un “horizonte de expectativas” para entender mellor a obra.

A única pega que lle poñemos a este *Almanaque de encantos* é a edición. Aínda sabendo o labor heroico dun editor como Cardeñoso, hai que dicir que unha obra tan ambiciosa merecía outro tratamento moito máis acorde co que se lle está ofrecendo ao lector. Aínda así, paga a pena a adquisición da literatura de moi boa calidade, como é o caso.

SOLLA, Calros, Almanaque de encantos, Ed. Cardeñoso, Vigo, 2005, 262 páxinas